

A consideración do deporte como unha ferramenta educativa non é un tema en absoluto novedoso aínda que sí polémico. Os gregos e posteriormente os humanistas, encabezados por Rousseau, xa contemplan a actividade físico-deportiva como unha área fundamental. A pe-

sares da unánime aceptación de este presuposto, o análise do feito deportivo no contexto educativo, estivo baseado en argumentacións lóxicas e personais guiadas máis pola intuición, que na existencia dun corpo compacto de investigacións que corroboren este feito.

Deporte e educación integral na adolescencia

□ PINO DIAZ PEREIRA

Outro factor entorpecedor foi a inexistencia de paradigmas teóricos desde os que enmarcar o análise, e incluso a gran polivalencia do concepto "deporte" que levou moitas veces á discusións descontextualizadas con resultados estériles e inoperantes.

O deporte recolle multitude de actividades que responden a funcións individuais e sociais moi heteroxeneas. Xunto á élite e a competición deportiva, donde a búsqueda de rendimento é o obxectivo prioritario, subsisten correntes ou prácticas enfocadas hacia obxetivos educativos, de saúde, de participación e relación social, ou simplemente, a búsqueda dun mecanismo catártico.

A presente reflexión enmarcase dentro dunha filosofía educativa e pretende matizala contribución e o significado específico que a actividade físico-deportiva adquire nun período evolutivo e de escolarización concreto: o adolescente na secundaria obrigatoria.

Incidencia no desenvolvemento biolóxico e na saúde

Os efectivos positivos que unha actividade físico-deportiva regular e equilibrada ten sobre a hixiene e a saúde biolóxica, e ben coñecido e amplamente recoñecido. A O.M.S. (1978), defínese así ante a práctica deportiva na etapa de escolarización "existe unha considerable evidencia de que as actividades físico-deportivas son necesarias na infancia e xuventude co fin de promover un desenvolvemento saudable do corpo e retrasalo deterioro de certos aspectos da saúde que poden producirse na vellez. É tamén durante estes períodos de crecemento cando o corpo é máis vulnerable as influencias ambientais perniciosas, como o son unha nutrición defectuosa, un entorno psicosocial pobre ou a falta da actividade física. Cando estes factores son adversos, retrasase o crecemento e o desenvolvemento e non se utilizan ó máximo os potenciais xenéticos".

Polo que respecta ó crecemento somático, non existe evidencia que permita afirmar que un aumento da actividade física-deportiva comporte un maior crecemento (Shephard, 1985). En cambio outros autores afirman que os escolares que practican un deporte con regularidade experi-

mentaron unha aceleración do desenvolvemento estaturponderal. As conclusións ó respecto apuntan hacia a consideración de que as dimensións corporais finais non resultan modificadas polo deporte. O mesmo sucede coa maduración biolóxica avaliada a través da determinación da idade osea (Ferrán Rodríguez, 1987).

Non hai constancia de que o deporte leve consigo un maior crecemento

O tecido muscular aumenta mentras o tecido adiposo diminúe

O grado de actividade física sí semella amosar correlacións significativas co peso e en especial coa composición corporal. Diferentes autores observaron que o porcentaxe de tecido muscular aumenta mentras que o tecido adiposo diminúe de forma significativa cando se dá un nivel crecente de actividade físico-depor-

O deporte como un mecanismo catártico

A concepción psicoanalítica centrada no desenvolvemento psicosocial do individuo e que toma punto de partida ó brote das pulsións que se producen na puberdade, foi utilizado como mecanismo explicativo respecto á importancia que as actividades físico-deportivas adquiren neste intre.

Según Antonelli e Salvini (1978), a ritualización dunha descarga agresiva en agonismo, como válvula de escape o xesto violento e asocial, é unha función que o deporte pode desempeñar nunha sociedade ameazada por dramáticos conflitos internos.


A función pedagóxica e sociolóxica do deporte non prevee unicamente a sublimación da agresión, sinón tamén o seu control dentro das normas da competición. Elo permite potenciar no adolescente as instancias psicolóxicas encargadas de administralo autocontrol. A adquisición dunha moral deportiva, nacida da vivencia agonística, da práctica deportiva, nacida da vivencia agonística, da práctica deportiva e non dunha forzada interiorización de valores abstractos, representa a garantía dun comportamento emocional e socialmente equilibrado.

A función do deporte na adolescencia é preventiva e terapéutica cando substitúe a certas defensas neuróticas, axudando ó muchacho a soportar e supera-la carga de conflitos interiores e as frustracións do medio ambiente.

tiva.

En canto o aparato cardiovascular as modificacións fisiolóxicas inducidas polo exercicio son moi evidentes, manifestándose o traveso dun incremento do volumen cardíaco, do grosor da parede miocárdica, e en consecuencia do volumen do sangue por minuto (Bar-Or, 1983). Xunto as melloras do aparato respiratorio, como son o incremento da ventilación máxima durante o esforzo e do contido hemático en hemoglobina, ditas modificacións traducense nun aumento da eficacia do conxunto do sistema de transporte do oxíxeno. Así, a potencia aeróbica en relación co peso corporal, é moi superior nos xóvenes deportistas que nos que non o son (Ferrán Rodríguez, 1987).

Todas estas repercusións do deporte non quedan limitadas o plano biolóxico do xoven, se non, que repercuten en aspectos de índole psico-social como o seu grado de autoestima persoal e o nivel de aceptabilidade social no seu grupo de iguais. "Unha maduración fisiolóxica precoz, ou ben, a adquisición dunha estrutura corporal acorde os patróns adultos, parece coincidir cunha evolución moi favorable de diversos aspectos da personalidade, como liderazgo, equilibrio social, agresividade, estabilidade e madurez emocional, dominio e in-



As alteracións cardiovasculares son normais no exercicio.

cremento da autoestima".

A interiorización dunha nova imaxe corporal

Durante o período adolescente prodúcense cambios súpetos no medio interno do organismo a causa das modificacións no sistema das glándulas endócrinas. Estes cambios provocan importantes transformacións na estrutura anatómica e fisiolóxica, que tradúcese na perda do corpo infantil e que dan lugar a aparición dunha nova imaxe corporal.

Según Harris, D. (1976) a forma na que un individuo experimenta no tempo o seu corpo, está estreitamente vinculado o concepto que ten de sí, e dicir, a súa auto-percepción. Polo tanto a forma na que un xoven sinte e vivencia o seu corpo pode ser indicativo de cal é o concepto que ten da súa propia identidade.

Estas consideracións fan doadamente comprensibles co problema da nova imaxe corporea adquiera un significado relevante na vivencia deportiva do adolescente. A práctica físico-deportiva constitúe unha das vías a cal o adolescente recorre no proceso de autocoñecemento, entendendo por tal, a imaxe que o adolescente formase do seu propio corpo mediante a vivencia e representación acumulativa de experiencias pasadas e presentes, reais e fantásticas, conscientes e inconscientes. É interesante sinalar que entre os motivos aducidos polo xoven para a súa práctica deportiva, atópase o desexo de construír unha estrutura corporea axeitada ó modelo adulto, o mellorar as súas capacidades físicas e o seu estado de saúde, ou ben, asegurarse e saír da falta

O deporte repercute en aspectos da vida psico-social

Durante a adolescencia prodúcense cambios no organismo

de seguridade inherente ó proceso de asimilación, identificación e reaxuste, que necesariamente acompañan ás transformacións estruturais e funcionais dun corpo en estado de cambio. Según Antonelli e Salvini (1978): "A actividade físico-deportiva representa para o adolescente, non só nun medio de acadar unha nova identidade consonante co seu próximo estatus de adulto, sinón tamén unha posibilidade de tomar a conciencia de esta nova realidade, superando así o sentimento subxectivo de alineación, que se deriva da coexistencia dun ánimo infantil cun corpo viril".

As interrelacións nos grupos deportivos como alternativas ós modelos de identificación familiar

No plano das relacións interpersonais a adolescencia caracterízase pola crise dos vellos lazos afectivos e pola búsqueda dos novos; crise que afecta principal-

• • •
mente as relacións entre o xoven e os seus pais, provocando a chamada perda dos pais infantís. O adolescente sente a necesidade de experimentar un certo distanciamento do mundo adulto en xeral, buscando un espazo de autonomía e independencia onde poda aprender a se-lo mesmo, ou onde poda desenvolver outros vínculos de dependencia distintos dos familiares; o grupo constitúe entón un dos puntos fundamentais do seu aprendizaxe social, pois é o espazo privilexiado para afirmalo propio ego e para atopar referentes de conducta para un mesmo, analizando o comportamento dos demais.

Nesta situación, os grupos de interrelación físico-deportiva cobran un significado relevante e poden constituir para o adolescente un medio de resolver o conflito.

"Na imaxe do entrenador ou na dos seus compañeiros maiores créanse as imaxes tranquilizadoras e idealizadas da familia, doutra, alcánzase a posibilidade dunha alternativa afectiva na que se reconecen, respecto á familia, unha maior autonomía e unha máis segura identidade" (Antonelli e Salvini, 1978).

Relación entre realización motora e intelectual

A relación entre o deporte e o desenvolvemento da intelixencia foi un tema controvertido. Acerca da pregunta sobre as repercusións da práctica deportiva no desenvolvemento da intelixencia, "a relación causal entre a realización mental e motora non foi demostrada, nin hai evidencia que permita apoiar a transferencia da resolución de problemas nas tarefas de movemento hacia a resolución de problemas en outras técnicas de pensamento e de concepto". (Harris, D., 1976).

O que si é factible afirmar, é que o aprendizaxe de técnicas e tácticas motoras vinculadas as diferentes prácticas deportivas precisan unha participación intelectual e física total para unha maior eficiencia. Linaza e Maldonado (1978) consideran que ante a falta de evidencia empírica que permita afirmar que o deporte favorece o desenvolvemento cognoscitivo, semella máis coherente a afirmación de a través do deporte manifestase o nivel intelectual do que o practica. O aprendizaxe e a realización das técnicas motoras están estreitamente relacionados coa intelixencia.

Esta consideración xenérica adquire diferentes matices en función da práctica deportiva a considerar. Moitas tarefas físicas simples non presentan unha correlación positivas coas tarefas mentais, pero a medida ca realización vaíse complexizando en función de diferentes factores, a relación faise máis positiva e significativa.

Os deportes caracterizados por elevados grados de automatización onde a toma de decisións e a resolución de problemas non

son factores decisivos menores, nembargantes nos deportes colectivos de gran complexidade técnica e táctica, con numerosos estímulos presentes na situación, e caracterizados pola importancia decisiva de toma de decisión rápida e solución de problemas, as correlacións serán maiores.

As actividades físico-deportivas como estrategia de prevención

"Comportarse de forma consecuente cun coñecemento responsable do corpo e das súas necesidades, evitando as prácticas que teñen efectos negativos sobre a saúde (consumo de drogas, alcohol, tabaco, etc.)" é un dos obxetivos xerais sinalados polo D.C.B. para o área de Educación Física na secundaria obrigatoria. A Práctica de actividades deportivas ou a pertenza a clubes ou asociacións de esta índole, amosaron correlacións significativas de carácter negativo, con determinadas condutas maladaptativas como alcoholismo, drogodependencias ou delincuencia (Peri Nogues, 1987; Portero i Carbo, 1987). A poboación adolescente constitúe un importante sector de risco de cara á adquisición destes hábitos con-



A Educación Física e o deporte son elementos esenciais na educación e a cultura.

A relación entre o deporte e o desenvolvemento da intelixencia foi un tema controvertido ó longo da historia

O aprendizaxe de técnicas e tácticas motoras vinculadas ao deporte precisan unha participación intelectual e física total

ductuales.

Diferentes estudos, entre eles o levado a cabo por Santos, J.; Aldaba, a. e Urralburu, G. (1990) coa poboación adolescente navarra, corroboraron a existencia de correlacións entre diversas variables relacionadas co deporte amateur (tipo de deporte practicado, idade de comenzo, etc.) e os hábitos de consumo de diferentes sustancias, constatando a asociación estadística entre práctica de deporte e consumos significativamente inferiores de drogas, do que se deriva a influencia preventiva do exercicio físico continuado ten sobre determinados hábitos comportamentais.

O deporte como ferramenta de socialización


A Carta Internacional da Educación Física e o Deporte da Unesco dícenos no artigo 2 da citada declaración o seguinte: "A educación física e o deporte, constitúen un elemento esencial

da educación e a cultura; deben desenvolver as actitudes, vontades e dominio doe si mesmo que favorezca a súa plena integración na sociedade; ademais de proporcionar unha sana ocupación do tempo libre, debe axudar a afrontar e resistir mellor os problemas, dificultades ou inconvenientes da vida moderna; deben enriquecer a súa vez as relacións humanas e desenvolver o espírito deportivo, que máis alá de todo deporte, é indispensable para a vida en sociedade".

A actividade deportiva foi conceptualizada en numerosas ocasións como unha microsociedade onde o suxeto adquire valores, actitudes e hábitos de gran valía de cara o seu proceso de socialización paralelo na macrosociedade na que está inmerso. A consideración do "deporte como unha fonte de virtudes que mellora valores cívicos, forma o carácter, confire deportividade, amor polo xogo limpio, axuda os valores de forma democrática e contribúe ós valores de equipo" (García Ferrando, 1986), por ter sua contrapartida no deporte profesional e competitivo que infiltra as súas dinámicas e características no deporte educativo e de ocio. O deporte profesional constitúe unha fiable reprodución en miniatura respecto o que na sociedade xeral acontece.

Certo é que en unha sociedade materialista onde as motivacións extrínsecas (cartos, fama...) priman sobre as motivacións de carácter intrínseco, favorece o feito de que nas súas pequenas parcelas, entre elas o deporte, o sistema incentivador vixente sexa paralelo.

O adolescente sente a necesidade de distanciarse do mundo adulto



REFLEXIONS

Os criterios do D.C.B.

Dos obxetivos perseguidos e do enfoque otorgado por educadores, dependerá o papel que no deporte xoga no proceso de socialización e internacionalización de valores e actitudes por parte do xoven deportista caracterizado por unha búsqueda activa de normas, valores e modelos cos que identificarse.

Sirvan como reflexións finais oos criterios do D.C.B. establere para co deporte poda considerarse como un feito educativo.

- Ter un carácter aberto, onde a participación non se establezca por niveis de habilidade, sexo ou outros criterios de discriminación.
- Ter como finalidade non solo a mellora de habilidades motrices, senón tamén as outras intencións educativas presentes nos Obxetivos Xerais da etapa (capacidades cognitivas, de equilibrio persoal, de relación interpersoal, de actuación e inserción social).
- Que os plantexamentos non incidan fundamentalmente sobre o resultado da actividade (gañar ou perder), senón sobre as intencións educativas que se persiguen.

O exercicio ten influencia preventiva en certos hábitos

Antagonismo entre a educación física e o deporte: loita por un eido na educación

□ AURORA MARTINEZ VIDAL (*)

Entre as conclusións acadadas no noveno Congreso Nacional de Educación Física das Escolas Universitarias de Maxisterio, celebrado en Tarragona desde o 29 de abril ó 2 de maio pasados, atópase a falta de entendemento entre a Educación Física e mailo deporte.

Esta inqueda repétiuse a miúdo, non soio entre varias idas 50 comunicacións dos profesionais españois, se non que tamén foi plantexada por ilustres conferenciantes europeos invitados, que representaban á E.U.P.A. (Asociación europea para a defensa da Educación Física) autoridades de prestixio reconecido no eido da docencia desta disciplina.

Coa intención de reflexionar nesta preocupante problemática están elaboradas as seguintes liñas, que lonxe de pretender aportar solucións, teñen o único propósito de facer unha chamada de atención sobo desta cuestión que coidamos que é de interese para a sociedade en xeral e de un xeito especial para os docentes da Educación Física de calquera nivel educativo.

A Educación Física e o deporte conceptualmente

A Educación Física, sen entrarnos enfoques que pode ter, que naturalmente dependerán das posturas pedagóxicas nas que se atope, corresponde a un eido ben delimitado, está enmarcada pola educación, desenrolada na escola, dentro do currículo formal do nivel educativo correspondente, é unha disciplina obrigada o mesmo que tódalas demais que compoñen os plans de



O xogo e a metodoloxía básica cando falamos da Educación Física infantil.

estudio. Os seus obxetivos deben de estar engarzados nos obxetivos xerais da Educación e poderíase definir como a área que contribúe a Educación integral do individuo a partir dunha realidade corporal que é capaz de moverse, pensar e sentir dentro dunha organización social.

As distintas actividades físicas

son exclusivamente recursos para acadar os obxetivos mencionados.

O concepto deporte non corresponde a terreo ven definido e delimitado. Cando falemos de deporte podemos referirnos a presenciar un partido de fútbol, a xugar ese mesmo partido de fútbol en troques dun soldo millónario ou, pola contra, podemos estar falando dunha saída en grupo en bicicleta ou a pé coa simple intención de pasar unha tarde agradable cos amigos en contacto coa natureza. Entre estes exemplos extremos caben múltiples situacións que pouco teñen que ver e que reciben o nome de deporte. ¿A qué deporte nos queremos referir?

Falamos dunha actividade física máis ou menos regulamentada, que supón unha confrontación, sexa coa natureza ou con outros adversarios, que ten como finalidade a simple recreación ou competición formalmente estruturada e lexislada por organismos específicos como poden ser as federacións deportivas. Estamos a falar de aquelas actividades deportivas que un rapaz ou xoven pode desenrolar nun período de formación, dentro e fora das institucións escolares, e que precisamente por esa dobre adscripción, pode chegar a presentarse antagónicamente coas tarefas educativas.

Puntos coincidentes e puntos discrepantes entre a Educación Física e o deporte

Sin facer un análise profundo, atopamos unha coincidencia básica: ámbolos dous conceptos supoñen unha actividade física non utilitaria en si mesmo, polo tanto cos seus obxetivos situados fora da propia actividade, que precisamente poden selos motivadores da discrepancia ou discordia.

Na Educación Física interesan precisamente estes obxetivos, sendo a actividade física só un recurso ou medio, mentras que no deporte, fora da educación,

podese converter a mesma actividade no propio obxectivo en si mesmo. Para explicar este pensamento traemos as verbas de autoridades no tema.

A F.I.E.P. (Federación Internacional de Educación Física) no seu Manifesto Mundial di, referíndose á Educación Física: "O medio específico é o exercicio

O concepto deporte non ten un terreo ven delimitado

A competición é consustancial ó deporte pero non na Educación Física

físico, actividade sistemática concebida para exercer, educar, entrenar, perfeccionar...). Según esto, non é a natureza do exercicio a que ten interese, se non a intención que anima a tal acción polo que as técnicas non son máis ca instrumentos infinitamente variados que se utilizan con intención educativa".

Xosé María Cagigal, antropólogo e pensador de Educación Física di: "As diferentes tendencias e concrecións da Educación Física no mundo aconsellamos incorporar o valioso que dunha ou outra concepción se poidan tomar".

Nas distintas opinións o deporte considérase un recurso ou medio ó servizo da Educación Física.

Ademais dos obxetivos que poden alonxar estes dous conceptos, se non se encadran dentro do obxetivos da Educación, atopamos un elemento que pode establecer diferencias. Referímonos á competición ou confrontación, que mentras non é

obrigado que apareza na Educación Física é consustancial ó deporte.

O falar de deporte falamos de competición aínda que este poida ter distintos matices que a acerquen ou a alonxen de plantexamentos pedagóxicos. Con respecto a competición existen opinións contradictorias, mentras para uns é unha condición previa do desenrolo persoal e proporciona un marco para distribuir xustamente beneficios e cargas para outros ameaza empeños cooperadores e contribúe a minar relacións persoais e sociais.

Destacamos a opinión de Arnold P. J. sobre o Olimpismo: "Para que este ideal se faga realidade como parte da educación dun xoven depende enteiramente da forma na que se promova e ensine nas escolas o deporte competitivo".

Pola nosa banda rexeitamos a concepción negativa sobor do deporte considerado esencialmente e centramos o noso interese na forma de desenrolalo mesmo.


Ante o dilema que se plantexa na escola ¿Deporte si? ¿Deporte non? respostamos con un rotundo Deporte si, pero... ¿cómo?, non atopamos esencialmente antagonismo, máis ben vemos dúas caras dunha mesma moeda e pola contra creemos co entendemento depende dunha armoniosa relación entre ambos dous.

Motivacións dos nenos fronte o deporte e a educación física

Sendo o xogo a actividade espontánea do neno e ó mesmo tempo a metodoloxía básica na Educación Física infantil é obvio pensar cal é a motivación do neno ante as actividades motrices presentadas de forma lúdica como pode selo deporte.

A primeira motivación ten polo tanto un carácter lúdico, pero mais tarde, o xurdir a tendencia natural de superación de si mesmo e dos demais, aparece amotivación de carácter competitivo, motivación co estimula para afrontar sesións de practica ou entreno para a mellora persoal ou do grupo. Ademais da motivación intrínseca pola práctica de habilidade en si mesma, recibe motivacións extrínsecas da sociedade: os medios de comunicación presentan os ídolos dos distintos deportes, ídolos que gusta de imitar e se pode de emular, sen embargo, ata os doce anos non ten un concepto de eficacia craro, nin achaca os resultados adversos a falla de capacidade, e é a partir de entón cando van descubrindo a súa capacidade e as súas limitacións e corre o risco de abandonar a práctica deportiva por un plantexamento frustrante para as súas aspiracións polo que é moi importante ter ben craros os obxetivos e que o neno os coñeza.

(*) Profesora de Ed. Física da E.U. de Maxisterio Ourense



Na Educación Física, o exercicio é só un recurso ou medio.

A reforma educativa establece o medio de integración entre a Educación Física e mailo deporte ó longo dos distintos niveis de concreción curricular, como imos ver a continuación

Posturas integradoras na reforma educativa

□ *No concepto Educación Física caben tódalas prácticas de desenrolo psicomotriz*

Do documento "A educación física e o deporte no D.C.B.", entresacamos: "A sociedade actual é cada vez máis consciente da necesidade de incorporar á cultura básica do cidadán, aqueles aspectos relacionados co seu corpo e co movemento que melloran o nivel de calidade de vida". "Istes aspectos son, dunha banda os vinculados a mellora da forma física, ó coidado do corpo e a saúde, a imaxen corporal, o emprego constructivo do ocio. Doutra banda os vinculados as actividades físicas como manifestacións culturais que foron sufrindo distintas modificacións dando lugar a diferentes enfoques do deporte".

"En resumen, no concepto de Educación Física caben tódalas prácticas corporais que tratan de desenrolar nos alumnos e alumnas as súas capacidades psicomotrices, psicomotrices ou sociomotrices e non soio aspectos sectoriais das mesmas".

Proxecto educativo do centro

O Proxecto Educativo do centro é o marco desde o que cada centro debe de ir adquirindo a súa identidade en función das persoas e o contexto en que estas desenrolan a súa actividade así como dos alumnos do centro.

Dende o Proxecto de Centro pódense xerar espazos curriculares interdisciplinares por medio dunha coordinación horizontal dende conceptos de autonomía e iniciativa que favorezan as prácticas deportivas, sin deixar exclusivamente nas mans do maestro específico da área, que por si mesmo, pouco mais que boa vontade pode aportar.

Esta é unha tarefa suficientemente importante como para ser asumida polo centro, implicando na mesma a toda comunidade educativa, outra cousa será a autonomía e medios con que cada centro poida afrontar estas e outras cuestións.

A Educación Física e o deporte no proxecto de aula

A derradeira responsabilidade

de acerca-lo deporte ó neno é do maestro a través da correspondente adaptación curricular ós alumnos concretos dun determinado contexto socio-cultural.

De cara a este proxecto de aula facemos unha proposta integradora dos distintos medios da Educación Física dende a Educación primaria que xira en torno os seguintes eixes:

- Educación Física de base.
- Educación lúdico deportiva.
- Educación para o ocio.

Trataremos de concretar un pouco mais cada un destes aspectos.

- Educación Física de base co obxectivo de desenrolo das capacidades xerais do neno dende o ámbito da motricidade.

- Capacidades perceptivo motrices.

Esquema corporal.
Espacio-temporal.

- Capacidades coordinativas.
Habilidades básicas.
Equilibrio.


- Capacidades expresivas.

Dende a propia concienciación á comunicación e creación.

- Capacidades físicas básicas.
A Educación Física de Base parte do concepto integral da Educación Física, baseado na unidade psicobiolóxica do individuo e pretende atender tódalas necesidades físico motrices e lúdico-expresivas do neno.

- Educación lúdico-deportiva.

Despois de todo o dito sobor



A Educación Física é unha tarefa moi importante.

do deporte, entendemos a iniciación deportiva dende a Escola Primaria dunha forma lúdica, global e polivalente en dous niveis, diferentes e igualmente importantes, para o desenrolo persoal do neno:

- Nivel individual, a través de actividades lúdico-deportivas de **Autosuperación**, que implique:

- Coñecemento e dominio de si mesmo.

- Coñecemento e dominio ide si mesmo en relación a obxectos fixos e móbiles.

- Coñecemento e dominio de si mesmo en relación co medio.

Responden a este plantexamento as actividades ximnásticas, atléticas e acuáticas (si fora posible) plantexados a partir do xogo, pasando de actividades

espontáneas a actividades codificadas (deporte).

-Nivel colectivo, a través de actividades lúdico deportivas de socialización que impliquen:

-Cooperación.

-Oposición.

-Cooperación/Oposición.

Teñen cabida neste eido actividades lúdicas de equipo que favorecen a comunicación e o plantexamento de estratexias comúns a todo o grupo, interesa non limitarse ó mesmo tipo de actividades xa que non se busca unha especialización senon unha ampla experiencia motriz que enriqueza a capacidade de adaptación a novas situacións e a capacidade de resolver problemas motrices.

OCIO E CULTURA

En contacto coa natureza

A Pedagogía do ocio como ocupación creativa do tempo libre é tarefa de todos, familia e escola, e dentro desta non é patrimonio específico de ningunha área, pero sendo como é o deporte dunha forma de creación plenamente aceptada na nosa cultura o itual que en moitas mais, é importante educar neste senso dende a mesma Educación primaria, alcanzando plena madurez na educación secundaria. O deporte recreativo está chamado a cubrir lagoas do deporte convencional no que o nivel de esixencias elevado pode producir frustracións en individuos con pouca capacidade, polo que se debe presentar con gran flexibilidade e apto para todos, sendo unha boa ocasión para actividades tradicionais como xogos e deportes populares.



CONCLUSIONES FINALES

■ O deporte, como recurso da Educación Física é de interés para a formación da persoa como poden selas prácticas de acondicionamento físico, as actividades expresivas ou o simple xogo.

☆☆☆

■ O deporte, en si mesmo, ten un valor cultural ó que non debemos renunciar xa que é patrimonio de todos.

☆☆☆

■ O deporte espectáculo é o deporte de alto rendimento e cousa dunhos poucos que teñen toda a liberdade para optar por ese camiño.

☆☆☆

■ O neno ten dereito a recibir a súa educación deportiva na escola e o docente a obriga a contemplar dun xeito educativo a realidade socio-cultural que supón o deporte.

☆☆☆

■ A Educación Física non lle pode dar a espalda o deporte sin correr o risco de co neno contacte con el desde ámbitos menos preocupados pola formación integral da persoa.


☆☆☆

■ A oferta deportiva dende a escola debe ser variada e para todos, nenos e nenas, sin distinción a través dun plantexamento de iniciación polivalente cedo e non de especialización precoz.

☆☆☆

■ O papel do maestro especialista en Educación Física é peza clave na formación de futuras xeracións de deportistas e de persoas, apoiado pola Comunidade educativa e pola propia familia.

GARABULLIÑO



Elaborado por:

Nova Escola Galega

Coordenan este número:

Xosé Manuel Cid
Antonio Fernández
Pedro Membiela
Mercedes Suárez Pazos

Ilustracións:

X.M. Andrade

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

